

Un home para a Rondalla

Manuel Fernández Rosende

De neno, de mozo e de maior; en España o fóra dela, vai con Manolo Fernández Rosende, betanceiro, a afición musical.



Por BRAIS DA BOUZA

Se fai falta algúns exemplo mais para decir que os gordos son optimistas, Manolo proporciona un. Fillo de labregos betanceiros, da familia dos «Faroleiros» —chamada así, di Manolo, porque un devanceiro adicábase a acender e apagar faróis—, é precisamente do seu padre, Manuel Fernández Hermida, de quen recibe as primeiras enseñanzas musicais e con elas empéza nel a traballar esa afición polos instrumentos de pulso e púa que chega hasta hoxe. Manolo nacéu en Betanzos no 1925; tiña vinte anos cando lle morréu o padre.

Foi á escola do Asilo, como tantos nenos mais da nosa cidade. Enseñanza aquela baseada no memorístico, recorda Manolo. Cando salían da escola, iban os nenos de cada barriada de dous en dous cara as súas casas. Emprégase, despóis, nun comercio local, e no 1950 emigra ao Brasil. Vai con outro betanceiro, Juan Luis Suárez Faraldo, un bon ebanista, di Manolo. No Brasil, e concretamente en São Paulo e en Santos, pasa épocas boas e tamén moi malas. Aquello, di, con miles de millas marinas interpostas entre ese país e España, aquello era emigración, e non ir a Alemania e coller

vacacións todos os anos na terra nadal. Esa afición musical, que lle ven do pai, que a continúa na agrupación que guiaba Manolo Caabeiro, que a sigue cando forma parte da Rondalla de Educación y Descanso, esa afición non tivo ocasión de practicala no Brasil porque había que atender a cousas mais perentorias.

Hai uns anos volvérá, para se quedar, a España, engañado, di el, porque lle tiñan dito que esto, social e económicoamente, iba mais ben. Foi vixeante dun banco e hoxe é subalterno nun centro escolar da localidade.

Ao volver practica de novo a súa afición musical. Está na fundación da Rondalla «Nosa». A disposición dela pon o seu interés. Preocúpase, efectivamente, de abrir o local, con puntualidade, todos os días que toque ensaio; enseña con paciencia aos nenos, inda que Manolo non sabe solfeo —foi un ano ás clases da filial do Conservatorio pero non volvérá porque aquello non lle interesaba— pero dálle ben á mandolina, hoxe, porque onte adicábase á guitarra, ao laúd, á bandurria. Persuadido da importancia da paciencia na enseñanza, de que sempre unhas boas palabras ben ditas, que non firen, que non molestan, consiguen mais que unhas verbas ditas con enfado, ahí o temos ao pé do cañón «noso» e sustituindo de vez en cuando ao director musical nas actuacións. Manolo é dos que pensan que lle hai que dar paso á mocedade e polo tanto non enquistarse nas ideas vixentes fai anos. Esto ás veces, di el, costa recoñecelo.

Téñoo, no seu trato, por home humilde. Non me refiro á súa procedencia social, circunstancia esta, por outra banda, que a el sempre o tivo sen coidado, nin a que non viñese espectacularmente cheo de millóns do Brasil, senón a que, como intelixente que é, sabe calar, ou, dito doutro modo, e co debido respeito para el, que non estira mais a pata do que dá a manta. Como bon galego ten a súa retranca, e procura non complicar a vida mais aló do necesario. Por exemplo: se un día, por un casual, dá unha opinión sobre cómo facer algo e ve que é acollida con despego, non recuncará.

Do Brasil fala con simpatía. Daquel mundo en constante transformación, sen tanto miramento social como entre nós, onde as obras públicas fanse póñase quen se poña diante, mundo de grandes ricos e de probes moi probes, de favelas e de meiguerías, de calor climática canta se queira. Ten pensado volver, inda que sea sólo para unha visita.